XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública

Edificio Administrativo San Caetano, 1-2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 545227 – Fax 981 545225

galicia

N/REF: JMB/ras

ASUNTO: Informe do anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Por oficio do 27 de xuño, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo, remítese solicitude de informe ao anteproxecto de Lei museos e outros centros museísticos de Galicia. Xúntase coa dita solicitude o borrador do devandito anteproxecto de lei, a memoria xustificativa, a memoria económica e táboa de vixencias.

En relación có devandito anteproxecto, de conformidade co disposto no Decreto 111/1984, do 25 de maio, de regulamentación de réxime interior da Xunta de Galicia, esta dirección xeral emite o seguinte,

INFORME

I.- A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto nos artigos 148.1.15.º e 17º da Constitución española e 27.18 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, ostenta a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28º da Constitución, así como en materia de museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal.

Sobre estas bases, aprobouse a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. O seu título VIII, define e regula os museos, así como as denominadas coleccións visitables, ao tempo que pon as bases do que concibe como Rede e Sistema Galego de Museos, para integrar todos aqueles museos e coleccións visitables que se atopen en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Con todo, estas bases requirían dun importante desenvolvemento regulamentario que non chegou a realizarse, polo que, na práctica, moitos dos aspectos que afectan á xestión destes centros non sempre atopaban resposta normativa.

A experiencia acumulada, xunto coas novas demandas do sector e tamén da cidadanía, aconsellan unha norma, propia e específica, que ofreza unha regulación global e máis detallada, na que teñan cabida, non só os museos e as coleccións, senón todas as manifestacións de natureza museística que foron xurdindo e que, sendo unha realidade, se atopan nun baleiro normativo que o presente anteproxecto ven a paliar.

II.- En canto á estrutura formal do anteproxecto de Lei estrutúrase en seis títulos (cun total de 55 artigos), catro disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e tres disposicións finais.

III- Respecto ao contido do anteproxecto de Lei, no que atinxe ás competencias desta Dirección Xeral, non se considera preciso facer ningunha observación ao mesmo.

De conformidade co exposto, esta Dirección Xeral emite o presente informe ao anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director xeral da Función Pública
Data e hora: 06/09/2019 13:03:34

CVE: CdUzOVESM2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve